

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 10 de febreiro de 2022 pola que se modifica o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade das titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Mediante a Orde do 20 de novembro de 2019 deuse publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 235, do 11 de decembro). No anexo II desta orde establécense as titulacións exixidas para impartir docencia nas distintas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, entre as que se inclúe a especialidade de Física e Química (590007).

A Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou sentenza, que é firme, no PO 332/2020, pola que se anula o anexo II da dita orde, no que se refire á especialidade de Física e Química, e se ordena a inclusión da titulación de Enxeñaría de Minas entre as que permiten a incorporación ás listas desta especialidade.

En execución desta sentenza, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade

ACORDA:

Primeiro. Modificar o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 (DOG núm. 235, do 11 de decembro) pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que im-



parten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se refire á especialidade 590007 Física e Química, que queda redactado como segue:

590007 Física e química	Enxeñaría:	Aeronáutica
		Camiños, Canles e Portos
		Industrial
		Minas
		Naval e Oceánica
		Química
		Telecomunicación
	Licenciatura:	Bioquímica
		Biotecnoloxía
		Física
		Química
	Grao en:	Arquitectura Naval
		Arquitectura Naval e Enxeñaría de Sistemas Mariños
		Arquitectura Naval e Enxeñaría Marítima
		Bioquímica
		Bioquímica e Bioloxía Molecular
		Bioquímica e Ciencias Biomédicas
		Biotecnoloxía
		Ciencias Agrarias e Bioeconomía
		Ciencias e Tecnoloxías de Telecomunicación
		Ciencias Experimentais
		Enxeñaría da Tecnoloxía de Minas e Enerxía
		Enxeñaría da Tecnoloxía Mineira
		Enxeñaría de Recursos Enerxéticos e Mineiros
		Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
		Enxeñaría de Tecnoloxía de Minas e Enerxía
		Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría de Tecnoloxías Mineiras		
Enxeñaría dos Recursos Mineiros		
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos		
Enxeñaría en Recursos Enerxéticos e Mineiros		



		Enxeñaría en Tecnoloxía Industrial
		Enxeñaría en Tecnoloxía Mineira
		Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
		Enxeñaría Mineira
		Enxeñaría Mineira e Enerxética
		Física
		Mariña
		Nanociencia e Nanotecnoloxía
		Náutica e Transporte Marítimo
		Química
		Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

Segundo. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

